



Asunto: Sinatura dixital da memoria xustificativa do Acordo marco de colaboración

Con motivo da sinatura do Acordo marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Fundación Bancaria “La Caixa”, con data 20 de decembro de 2016, asinouse a seguinte memoria xustificativa:

“ MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FUNDACIÓN BANCARIA “LA CAIXA” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE “INVESTIGACIÓN, SAÚDE E MEDIO AMBIENTE”

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de conservación, protección, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, divulgación dos valores do patrimonio natural, xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural e promoción e defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a labor de preservación dos valores naturais e paisaxísticos e a fin de conseguir uns sistemas ecoloxicamente máis valiosos e estables fronte ás presións e agresións externas ás que poidan estar sometidos, levar a cabo unha planificación activa dos espazos naturais os cais están incluídos na Rede Natura 2000 ou outras redes ecolóxicas de protección o figuras similares, así como promover o desenvolvemento sostible e a súa incidencia no benestar da poboación.

Antecedentes:

Os programas da Fundación Bancaria “La Caixa” contemplan o desenvolvemento das súas actuacións mediante a colaboración con entidades tanto privadas como públicas. Dende o ano 2006 a entidade la Fundación la Caixa está colaborando, ininterrompidamente, coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio mediante convenios anuais nos que esta institución realiza aportacións económicas para proxectos que incidan na mellora dos espazos protexidos da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de lograr desenvolvemento humano sostible e a conservación e mellora do contorno natural de Galicia.

As actuacións que se levaron a cabo en virtude de este convenio se concretaron sempre nun programa de traballo con duración anual que, a proposta da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, foron aprobados nunha Comisión paritaria entre a Consellería e a Fundación la Caixa.

A Fundación Bancaria “la Caixa” promove a mellora da calidade de vida das persoas mediante o impulso social, ambiental e cultural coa finalidade de lograr un desenvolvemento humano sustentable e, con este obxectivo, realiza accións dirixidas á investigación e mellora da saúde do planeta, co fin de repercutir directamente na saúde humana. Neste senso, Fundación Bancaria “la Caixa” desenvolve programas de fomento da investigación e o coñecemento científicos, ambientais, culturais e educativos, cunha vocación transformadora ademais de promover o achegamento da ciencia e o proceso de investigación á cidadanía.

Enténdese deste xeito a existencia de obxectivos coincidentes en materia de conservación do medio entre ambas partes, polo que se pretende establecer un conxunto de condicións para a cooperación





no desenvolvemento e execución de actuacións para a protección, investigación, conservación do medio ambiente, así como para mellorar a saúde ambiental e benestar das persoas

Custe económico

O orzamento total para levar a cabo as actuacións previstas será aportado integramente pola Fundación "la Caixa", polo que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da Xunta de Galicia non realizará ningún aporte económico ao convenio.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con A Fundación Bancaria "la Caixa" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprende un ano desde a súa sinatura.

O convenio ten por obxecto o desenvolvemento de actuacións e proxectos en materia de Investigación, saúde e medio ambiente co fin de mellorar a saúde ambiental e con iso o benestar das persoas. Para ese efecto realizaránse actuacións e proxectos que relacionan o medio ambiente coa investigación e a saúde humanana dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de conservación da natureza, de conformidade co establecido no artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia e nos Reais Decretos 167/81, 1234/1983 e 1535/1984 de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de conservación da natureza.

Que Fundación Bancaria "la Caixa" promove a mellora da calidade de vida das persoas mediante o impulso social, ambiental e cultural coa finalidade de lograr un desenvolvemento humano sustentable e, con este obxectivo, realiza accións dirixidas á investigación e mellora da saúde do planeta, co fin de repercutir directamente na saúde humana. Neste sentido a Fundación Bancaria la Caixa desenvolve programas de fomento da investigación e o coñecemento, científicos, ambientais, culturais e educativos cunha vocación transformadora ademais de promover o achegamento da ciencia e o proceso de investigación á cidadanía.

Nesta colaboración elaboraranse actuacións nos seguintes ámbitos: proxectos de investigación e actuacións de mitigación e adaptación de cambio climático; redución de contaminación para mellorar a saúde humana e rexenerar a calidade do ambiente atmosférico; accións e estratexias de investigación e innovación que axudan a garantir a calidade e dispoñibilidade de auga en relación á saúde humana; actuacións e estudos científicos que analizan e contribúen á loita contra especies daniñas para o ser humano e proxectos de investigación, análise e actuacións de prevención de incendios, mellora de recursos e desenvolvemento de novos produtos ou procesos que faciliten unha futura mellora no medio ambiente para contribuír a favorecer o benestar das persoas.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.”

En cumprimento da Circular núm. 1/2016, do 5 de febreiro de 2016 da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno e co obxecto de incluír o Acordo marco de colaboración, asinado con data 5 de xaneiro de 2017, no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, asínase a memoria xustificativa dixitalmente.

A directora xeral de Patrimonio Natural
Ana M^a Díaz López
Sinatura dixital

